

Resolución do 16 de xullo de 2020 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo do 8 de xullo de 2019, pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o 16 de xullo de 2020, o tribunal nomeado por resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019 (BOPG núm. 553, do 24 de outubro de 2019) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia, grupo B, escala de sistemas e tecnoloxías da información convocado polo acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de xullo de 2019, (BOPG núm. 511, do 26 de xullo de 2019)

ACORDOU:

Primeiro. Unha vez revisada a documentación aportada nos expedientes dos opositores que superaron o primeiro exercicio, na sesión que tivo lugar o 16 de xullo de 2020, non habendo reclamacións en prazo e forma ás notas do primeiro exercicio, ao abeiro do previsto na base oitava da convocatoria.

1. Todos os opositores que superaron o primeiro exercicio conforme ao punto 6.2 da convocatoria están exentos da realización do segundo exercicio.

Segundo. Publicar esta resolución referente ao segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia, grupo B, no portal Web do Parlamento de Galicia

<http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos/>

Terceiro. De acordo co disposto na base oitava da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación as puntuacións no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación desta resolución no Diario Oficial do Parlamento de Galicia.

Cuarto. De conformidade co disposto na base 5.11 da orde de convocatoria, contra este acordo poderase interpor recurso de alzada, ante a Mesa do Parlamento nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, a 16 de xullo de 2020

O Presidente do tribunal